

ACTA

Mesa de coordinación interna do programa CAI

18/11/2025

Hora: 10,00h

Lugar: Sala de Xuntas do concello de Teo

Orde do día:

1. Aprobación da acta da última sesión de 13 de maio de 2025
2. Organización CLIA
3. Outros

Deliberacións:

1. **Aprobación da acta da última sesión.** Apróbase por unanimidade a acta da sesión celebrada o 13 de maio de 2025.
2. **Organización CLIA.** En primeiro lugar dase conta á Mesa do cambio de empresa na dinamización do FoPIA, e que asumiu no mes de setembro a empresa ATELIER SOCIAL. Esta empresa xestiona na actualidade o CAIA e a maioría dos concellos Ciudades Amigas da Infancia. A continuación, o concelleiro explica a orde do día da sesión do CLIA, que se celebrará o próximo 20 de novembro en horario de mañá. Refírese, sobre todo, ao punto 3, referido ás propostas que se presentarán no pleno e que este ano teñen que ver cos dereitos dixitais, máis algunha que realizaron no ámbito da seguridade infantil como a reforma das marquesiñas das paradas de autobuses. Tamén como pensamos organizar a participación dos centros educativos a proposta da empresa ATELIER SOCIAL e as actividades que se enviaron para facer ao alumnado (así como o cartel do Día da Infancia), agradecendo a colaboración da Concellería de Educación no pago de autobuses para vir dos centros de Calo, Tilos e IES Cacheiras. Debátese entre todos cal sería a mellor forma de sentarse das Toupas de Teo e do alumnado do centro para que todos teñan protagonismo e poder sumar vogais ao FoPIA. A este respecto dase conta do baixo número de representantes que temos este curso escolar, que intentaremos que sexan activos e comprometidos. A valoración da empresa que leva tamén a maioría dos grupos doutros concellos indica que está na media dos outros, pero nós estamos acostumados a traballar cun número máis elevado de representantes.
3. **Outros.** Neste punto dase conta da asistencia o próximo día 21 de novembro ao *XIII Foro do Parlamento de Galicia*, onde Aurelio será a Toupa elixida para dar o discurso de peche deste ano. Por outra banda, infórmase de que estamos cos prazos moi xustos para o envío do **informe intermedio**, requisito da credencial do programa CAI e que aproveitamos hoxe para preguntarlles algunhas cuestións que se refiren ás accións

de participación doutras concellerías. En concreto, á pregunta do **Número de proxectos levados a cabo pola EL en calquera área onde houbera participación infantil e/ou adolescente** descoñecemos se se sigue facendo a visita do alumnado ao concello co obxectivo de coñecer a organización municipal e as competencias dos concellos en relación á prestación de servizos á veciñanza. A concelleira de Educación confirma que sí se fai co alumnado de 2º de primaria. Por último, infórmase da **celebración do Encontro Galego de Cidades amigas da infancia que foi en Nigrán entre o 17 e 19 de outubro de 2025**, e que supuxo a fidelización dalgunhas Toupas co programa CAI.

Sendo as 10,30h dase por finalizada a sesión.

Juan Jesús Cerqueiro Pintos

Concelleiro de Servizos Sociais, Familia, Infancia, 3ª Idade e Relacións Veciñais

Teo, 18/11/2025.